

O quitasol

Goya, 1778, óleo sobre lenzo, 104 x 152 cm.. Madrid, Museo del Prado.



Cartón pintado na Real Fábrica de Tapices para un tapiz destinado a decorar o comedor do Príncipe de Asturias (Carlos IV) no Palacio do Prado. En 1876 o cadro ingresa como parte dos fondos do Museo do Prado.

Correspóndese cunha obra da primeira etapa de Goya, caracterizada aínda pola influencia da tendencia rococó.

Goya elixe unha escena costumista dentro do ambiente do pobo. Aparecen dúas figuras, unha moza vestida á moda francesa, e un criado, galante —acompañantes das mulleres casadas de elevada clase social— vestido ao «majo», sen que a descrición do propio autor explique se a escena é de flirteo ou simple dama con criado: “representa a unha moza sentada no campo, cun can na saia; ao seu lado un mozo en pé facéndolle sombra cun quitasol”

A orixinalidade de Goya hai que buscala na espontaneidade, realismo e naturalidade con que Goya fai aparecer a anécdota, a expresión dunha proximidade ao espectador que consegue co tamaño das figuras, a composición academicista, neoclásica, e sobre todo coa mirada directa da moza sorrindo ao espectador, a quen fai cómplice do posible galanteo.

En canto á composición, as liñas de forza debuxan case un triángulo equilátero no que se enmarca a rapariga. Esta figura xeométrica expresa unha gran serenidade. Doutra banda, todas as miradas converxen no rostro da dama nova, matizado por unha sombra filtrada de suaves tons verdes. O óvalo do seu rostro é unha elipse regular e nela crúzanse dúas diagonais determinadas pola dirección da mirada do mozo e a liña do muro da esquerda, cuxa perspectiva se forzou



para que esta diagonal incida no buscado centro de atención do cadro. A composición ten un punto de vista baixo, xa que o tapiz estaba pensado para ser colocado sobra as portas ou na parte alta das paredes e ser por tanto visto desde abaixo.

A cor do mesmo xeito que o de todos os cartóns para tapices, é luminosa e contrastada de vivos tons. Pero é un colorido no que destaca o estudo lumínico, ao situar o rostro da dama —como se dixo— no centro de converxencia das liñas que estruturan a composición. A face da muller sitúase en primeiro termo, pero en zona de sombra. Os fortes contrastes de tons no ombreiro do mozo e a matizada difusión da luz sombreada no rostro da nova, están resolto cunha mestría pouco común.

O emprego da luz e a utilización do cromatismo tamén son distintos, así como o modo e maneira en que a indumentaria se fixa para marcar as diferenzas sociais: o personaxe masculino viste de “majo” dentro do esquema tradicional da época e a rapariga se atavía á francesa, sinalando a súa pertenza á aristocracia.

Os tons cálidos empregados (amarelos) outorgan unha enorme alegría á composición, alegría reforzada polas expresións das dúas figuras. A pincelada utilizada é bastante solta, como se aprecia no canciño. Tamén convén lembrar que hai unha interpretación alegórica que pasa o simple tema galante para entrar no amplo mundo da coquetería e a vaidade feminina en contraposición ao mozo que a acompaña, tratado en calidade de comparsa e non en concepto de parella.

O tema do quitasol explícase porque este era un obxecto de moda na pintura de xénero do século XVIII. Presente case sempre onde se atopaba unha muller e o seu cortexador ao aire libre, foi tan común que chegou a converterse nunha forma de identificar a galantería. O que hai de extraordinario e orixinal no quitasol de Goya, que fai que esta obra destaque e se diferencia das súas contemporáneas aínda que a paisaxe e a disposición das figuras participan desa corrente rococó e que existe un carácter realista do que carecen a maioría dos cartóns do momento e, desde logo, bastantes obras da época.